



Concello de Vigo
Expte. 3977/1101

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

O Pleno do Concello, na súa sesión de data 3.07.2023, de conformidade co artigo 75.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), acordou as retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial así como o réxime de dedicación destes últimos, correspondendo a grupo municipal socialista dez concelleiros/as que realicen as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva.

Por Resolución da Alcaldía de data 7.07.2023 designouse os membros que exercerán as funcións en réxime de dedicación exclusiva.

Por Resolución da Alcaldía de data 4.08.2023 e previa comunicación da concelleira, aceptouse a renuncia ao exercicio en réxime de dedicación exclusiva do cargo de concelleira do Concello de D^a Carmen Silva Rego con efectos de data 8 de agosto de 2023.

En data 11.08.2023 número rexistro pleno 3977_1102 a concelleira do grupo municipal do PSOE, María Olga Alonso Suárez solicita o desempeño das súas funcións en réxime de dedicación exclusiva con efectos dende o día 9 de agosto de 2023.

Conforme o artigo 75.5 da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local corresponde ao Alcalde_Presidente a adopción do acordos determinando os membros da Corporación que realizarán sus funciones en réxime de dedicación exclusiva o parcial

Polo exposto, e considerando que a concelleira ven desenvolvendo o exercicio das funcións do seu cargo de concelleira en réxime de exclusividade dende data 9.08.2023 e visto informe favorable da Intervención municipal de data 17.08.2023 esta Alcaldía, **RESOLVE**

Primeiro.- A concelleira Dna. María Olga Alonso Suárez exercerá as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva cun importe bruto anual 65.054,30 € con efectos dende o día 9 de agosto.

Segundo.- As retribucións especificadas para cada cargo así como os trienios que no seu caso correspondan por prestación de servizos noutras Administracións Públicas no caso dos cargos con dedicacións exclusiva, aboaranse en catorce pagas agás as dos Concelleiros/as con dedicación parcial que abonaranse en doce. Os importes das retribucións revisaranse anualmente na mesma proporción que as do persoal ó servizo do Concello.

Terceiro.- As retribucións por dedicación exclusiva implicarán a súa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/11/2023 10:07	Páxina 1 de 2
230270498	CSV: AEA933-5E464D-22CCC8-K25MMN-R27C43-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

incompatibilidade con outras con cargo ós orzamentos das Administracións Públicas e dos entes, órganos ou empresas deles dependentes, así como o desenvolvemento doutras actividades, todo iso nos termos da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas.

Cuarto. Os Concelleiros/as que desenvolvan as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial non percibirán indemnizacións por asistencia ás sesións de órganos colexiados da Corporación ni do Organismo Autónomo Municipal Xerencia Municipal de Urbanismo.

Quinto. Dar de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social aos corporativos mencionados asumindo a Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda.

Sexto. Notificar a presente Resolución a interesada, entendéndose implícita na súa solicitude a aceptación da dedicación.

Sétimo Notificar a presente Resolución á Unidade de Persoal deste Concello, á Tesourería Municipal e á Intervención Xeral.

Oitavo.- Dar conta individualizada o Pleno da presente Resolución na vindeira sesión ordinaria. Proceder a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e na Páxina web do Concello (Sede Electrónica).

Vigo, na data que figura ao marxe deste documento asinado electronicamente

JRB

O ALCALDE, Abel R. Caballero Álvarez

Dou fe, o Secretario Xeral de Pleno, Jose C. Riesgo Boluda



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/11/2023 10:07	Páxina 2 de 2
230270498	CSV: AEA933-5E464D-22CCC8-K25MMN-R27C43-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		